



CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO (2024)

Expte. 6487/2024

Asunto: Aprobación da convocatoria de subvencións para fomento do asociacionismo e actividades festeiras do municipio (2024)

ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS XURÍDICOS

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 125 do 29/06/18 publicáronse as bases específicas que rexerán a concesión de subvencións para fomento do asociacionismo e actividades festeiras do municipio, aprobadas en sesión plenaria celebrada o 16/05/18. O seu texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org> apartado “Portal de transparencia”, subapartado “4. Axudas e subvencións”). <https://nigran.sedelectronica.gal/preview-document.6>

As bases sinaladas encádranse na liña estratéxica núm. 3 das previstas no Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Nigrán (2024-2027), aprobado en sesión plenaria do 1/10/2024.

Tendo en conta a data de aprobación do orzamento xeral para o ano 2024 e do Plan Estratéxico de Subvencións, coa finalidade de axilizar a tramitación do expediente e garantir a execución orzamentaria comprometida establécese que a solicitude e a xustificación da subvención deberán achegarse polos interesados ao mesmo tempo.

PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da concesión de subvencións para fomento do asociacionismo e actividades festeiras do municipio, de conformidade coas bases específicas aprobadas en sesión plenaria do 16/05/18, co texto que se insire a continuación:

“1. OBXECTO

O Concello de Nigrán convoca o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades de fomento e consolidación do asociacionismo no municipio (apdo. 4.1 das bases específicas), así como para apoiar a conservación e consolidación das festas tradicionais que se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias do municipio (apdo. 4.2 das bases específicas), todo elo respecto de actividades realizadas durante o ano 2024.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexerá polas súas bases específicas, aprobadas por este Concello en sesión plenaria de 16/05/18 con extracto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 125 do 29/06/18, e texto íntegro publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org> apartado “Portal de transparencia”, subapartado “4. Axudas e subvencións”) ademais de polo previsto





na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables

4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 25.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 924.48000 do Orzamento Xeral para 2024 (subvencións para asociacións veciñais – fomento e consolidación do asociacionismo), e a 50.000 euros de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 338.48001 do Orzamento Xeral para 2024 (subvencións para festexos populares – actividades festivas).

5. CONTÍA DAS AXUDAS

A presente convocatoria refírese ás dúas modalidades previstas na base 4ª das bases específicas aprobadas en sesión plenaria do 16/05/18: fomento e consolidación do asociacionismo (apdo. 4.1) e actividades festivas (apdo. 4.2).

As subvencións para a modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4.1 e 5.1 das bases específicas.

As subvencións para a modalidade de actividades festivas concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4.2 e 5.2 das bases específicas.

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de 5.500 euros. Desglósase este importe máximo da axuda, sendo un tope de 1.500 euros para a modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo e de 4.000 euros para actividades festivas.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo de **quinze días** contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido na base 6ª das bases específicas. Aos ditos efectos, poderá habilitarse un trámite electrónico específico na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org>, apartado “Trámites”).

*Conta tida das especiais circunstancias da anualidade en curso, **os solicitantes deberán xuntar á solicitude da subvención a documentación xustificativa relacionada na base 10ª das bases específicas**, en relación co importe da subvención solicitado.”*

SEGUNDO.- Ordenar á Intervención municipal a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicidade, de acordo co previsto no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, abrindo o correspondente prazo de presentación de solicitudes.

